




DO MIÑO AO TAMUXE

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2022



Distancia:
Dificultade:



Sendeiro de pescadores Miño-Tamuxe

O concello do Rosal linda nuns 5 km co río Miño e, ao longo dese tramo e o treito final do curso do río Tamuxe, ten acondicionado un roteiro, que tamén aproveita as pistas e os camiños que pasan máis preto da beira do río, por un terreo chan no que se alternan espazos no seu estado natural, nos que ademais do río os protagonistas son ás árbores autóctonas -salgueiros, freixos, carballos, algún piñeiro e sobreiras-, áreas acondicionadas como zonas de lecer e deportivas, e cultivos, entre os que sobresaen as parcelas ocupadas por froiteiras -maiormente maceiras e abacates- que fan do sitio un bo lugar para unha camiñada, para un paseo de vagar ou para pasar unha xornada de lecer onde gozar do río, do sol ou da sombra. Un traxecto sinalizado como PRG-112, que se pode percorrer dunha soa vez, en varias veces, ou servir de motivo para varias visitas puntuais.

Está incluído no LIC/ZEC Baixo.



Muíño das Aceas e porto no Tamuxe

O Miño cunha das illas Morraceiras



PERCORRIDO

Comezamos o percorrido na **praia de Eiras** a onde se chega pola estrada que ven de Tabagón a Eiras collendo, antes de entrar en Eiras, o desvío á dereita sinalizado á praia.

Deixamos o vehículo na zona de aparcamento e baixamos á beira do río onde se atopa a praia ao abrigo dun pequeno peirao que acolle algunhas das embarcacións que faenan na zona. Camiñamos logo seguindo, non sempre, o trazado que marcan os indicadores da ruta, mais levando sempre á esquerda o río, ata chegarmos a outro pequeno porto, á altura das **Morraceiras**, as illas do río nas que paze o gando. Un pouco adiante a ruta vaise cara ao interior para buscar o camiño que segue entre parcelas cultivadas porque pola beira hai unha zona de lameiras que non permiten o paso. 1,5 km máis adiante volvemos á beira da auga e preto atopamos outra instalación deportiva. Pola súa contorna imos cara ao interior para cruzar o regato polo que desaugan as zonas inundables das **Leiras Longas**, para volver de novo á beira do río onde temos de fronte o monte Trega, á dereita, e, á esquerda, o de Santo Antão de Caminha, entre os que se adiviña a chegada do Miño ao mar, e logo chegamos ao **porto** e á **desembocadura do río Tamuxe**.

Para remontar o curso do Tamuxe, seguindo os indicadores, temos que cruzar a estrada, seguir de fronte ata a estrada vella e alí ir á esquerda para, case de seguido, cruzala e acceder á **área de lecer do Porto Vello** desde onde podemos ir ata o pé da ponte para volver e seguir o camiño que nos leva á beira do río e ata o **Muíño das Aceas** e o **porto**, punto final do percorrido.

A volta faise polo camiño da ida mais no treito final, pasadas as instalacións deportivas, podemos deixarnos ir por entre as árbores para, achegándonos á estradiña que limita o espazo, descubrir algunhas das fermosas sobreiras que acolle.



Vista do Miño desde o porto das Eiras



Praia e porto das Eiras, co monte de Gois ao fondo



O Miño en Tabagón



Porto de Tamuxe



Porto de Tamuxe co monte Trega ao fondo



Encontro do Tamuxe co Miño



Río Tamuxe



Ponte sobre o Tamuxe



O Miño desde O Rosal. Ao fondo Seijas (Portugal)



Muiño das Aceas e porto no Tamuxe





Vexetación de primavera



Sobreira
nas Eiras



Área de lecer do Muíño das Aceas



Piñeiro bravo nas Eiras



Femia de lavanco con crías